

ANEXO IV**Ficheiro de resposta**

O ficheiro terá a nomenclatura <NIF>_<AAAAMMDD>_<TIPO>.TXT, onde:

<NIF>	NIF do usuario. Se ten menos de 9 caracteres encherase con ceros á esquerda
<AAAAMMDD>	Data do día. A mesma que a da solicitude.
<TIPO>	Indica o tipo de ficheiro do que se trata.
	RC0A -> Resposta a solicitudes de certificados de débedas "Axudas e subvencións públicas".
	RC0C -> Resposta a solicitudes de certificados de débedas "Contratos de administracións públicas".

NOTA: no caso de que o ficheiro de solicitude non teña un nome normalizado o ficheiro de resposta terá a estrutura *RC00_[Nombre Ficheiro Solicitude]*, e conterá un único rexistro de cola no que se indica o erro.

Rexistros de detalle

#	Post	Long	Tipo	Nome	Observacións
1	1	9	AN	NIF interesado	

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 3 de xaneiro de 2007 pola que se autoriza o inicio de actividades da Residencia de Maiores de Larouco (Ourense).

En virtude do disposto no artigo 29 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, para a creación de centros de servizos sociais propios da Administración autonómica, é necesaria unha norma con rango de decreto, sendo necesaria unha orde da consellería competente para o inicio da súa actividade.

A Residencia de Maiores de Larouco creouse mediante o Decreto 156/2006, do 7 de setembro, polo que procede agora a autorización do inicio das súas actividades.

Ao abeiro do establecido na disposición derradeira primeira do antedito decreto, autorízase a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o seu desenvolvemento e a súa execución.

Polo exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar,

DISPOÑO:

Artigo único.-Autorizar o inicio de actividades e a posta en funcionamento da Residencia de Maiores

de Larouco (Ourense), conforme os datos que se relacionan no anexo desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO

Provincia: Ourense.

Concello: Larouco.

Enderezo: lugar da Seara, s/n, CP 32358 Larouco (Ourense).

Denominación: Residencia de Maiores de Larouco.

Tipoloxía: residencia.

Área: vellez.

Número de prazas autorizadas: 82.

Orde do 3 de xaneiro de 2007 pola que se establecen e convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia, no seu artigo 50 prevé a posibilidade de concederlles prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade.

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no seu artigo 1 atribúelle á devandita vicepresidencia a competencia en materia de benestar social, inclusión social e servizos comunitarios, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, prevé no seu artigo 11.3º c) a regulación de prestacións económicas ou técnicas que teñan por obxecto incidir favorablemente nas situacións de carencia familiar, e no artigo 15 a) establece, entre outras medidas preventivas, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas económicas ou técnicas dirixidas a cubrir as súas necesidades básicas e a mellorar o medio familiar co fin de garantir o dereito a desenvolverse, sempre que sexa posible, no seo da súa propia familia.

No Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, e a Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécense os requisitos e as normas necesarios e básicos para a xestión e a actividade económico-financiera, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

No proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2007, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia con data do 19 de outubro de 2006, na aplicación orzamentaria 05.31.312B.480.0 existe partida orzamentaria para as axudas que se establecen nesta orde, reservándose para tal efecto un crédito de 1.738.705 euros

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade destas axudas.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas individuais de prevención e apoio á familia e atención ao menor, durante o exercicio económico do ano 2007, mediante o procedemento de concorrencia competitiva, e proceder á súa convocatoria.

2. A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico e profesional ás familias para garantirlles a atención adecuada aos seus fillos e favorecer a permanencia destes no seu medio, evitando os riscos de desestructuración familiar, así como facilitarlles ás unidades familiares a adquisición de habilidades de atención, coidado e educación dos menores así como a capacidade de autoorganización do núcleo familiar.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as unidades familiares con fillos menores de idade que se atopen en circunstancias de risco social e precisen de apoios económicos para satisfacer as súas necesidades básicas e evitar a desestructuración familiar.

Para os efectos desta orde enténdese por unidade familiar a formada por pais e fillos menores de 18 anos ou a formada por pais e fillos menores de 18 anos e maiores de 18 con grao de minusvalidez recoñecido superior ou igual ao 33%.

No caso de unidades familiares monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Artigo 3º.-Contía das axudas.

A contía mínima e máxima da axuda está comprendida entre 100 euros e 500 euros mensuais por cada unidade familiar, sen que superen a contía de 150 euros por fillo. A determinación da contía total da axuda que se vai conceder por unidade familiar establecerase en función das circunstancias económicas e sociais que concorran en cada caso e abranxerá o ano 2007.

En caso de que o menor cumpra ou deixe de cumprir o requisito de idade ao longo do ano 2007, a axuda concederáselle de xeito proporcional desde a data en que cumpra ata o 31 de decembro ou desde o 1 de xaneiro ata a data en que deixe de cumprir o requisito.

Artigo 4º.-Requisitos.

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

a) Residir e estar empadroado na Comunidade Autónoma galega polo menos con 6 meses de anticipación á data da publicación da convocatoria.

b) Que os menores teñan entre 3 e 18 anos de idade cumpridos durante o ano 2007.

c) Que a unidade familiar non teña recibido a axuda á integración familiar nos últimos tres anos de xeito consecutivo.

d) Que os ingresos da unidade familiar no ano en que se perciba a axuda non excedan a metade da cantidade establecida como salario mínimo interprofesional para o ano 2007 en cómputo anual.

e) Que a familia poida evolucionar cara á súa plena autonomía e integración social, sendo estas axudas un apoio temporal.

f) Que a situación do núcleo familiar non permita a cobertura de todas as necesidades básicas do menor no relativo á alimentación, hixiene, vestiario, atención médica, escolarización regularizada e coidados de carácter integral.

g) Que a unidade familiar teña aberto, polo menos con 6 meses de anticipación á data de publicación desta orde, un expediente polos servizos sociais de atención primaria ou especializados, por posible

situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor ou menores.

h) Que a unidade familiar cumpra co plan de traballo que estableza o servizo de atención primaria ou especializado.

i) No caso de que se lle concedese esta axuda no ano 2006, que a unidade familiar cumprirse co plan de traballo que establece o servizo de atención primaria ou especializado e mellorase a situación de risco

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo representante da unidade familiar segundo o modelo oficial (anexo I).

Cada solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia e traballo do solicitante e do resto dos membros da unidade familiar obrigados a obtelo.

b) Fotocopia do libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación e da unidade familiar.

c) Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o solicitante.

d) Certificado de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar en idade laboral.

e) Xustificación de ingresos: última nómina de todos os membros da unidade familiar que perciban haberes; certificación positiva ou negativa de percepción da prestación económica do Inem; xustificación doutros ingresos familiares, se é o caso. Xuntarase unha declaración xurada de ingresos de acordo co modelo contido no anexo II.

f) Declaración del conxunto de todas as solicitudes efectuadas e concedidas polo mesmo concepto das distintas administracións públicas competentes.

g) Informe médico emitido polo sistema público de saúde que acredite enfermidade crónica grave, de ser o caso; e certificado de minusvalidez só no caso en que non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Compromiso escrito por parte do solicitante (anexo III) de:

-Aplicar as axudas á finalidade para a cal sexan concedidas.

-Contribuír á normalización e integración social do núcleo familiar.

-Atender correctamente á educación dos menores ao seu cargo.

-Acadar canto antes a plena autonomía familiar.

-Cumprir cos obxectivos marcados no plan de traballo familiar elaborado polos servizos sociais de atención primaria ou especializada.

-Comunicarlle, nun prazo non superior a 15 días, ao órgano competente que tramitou a solicitude, calquera modificación que afecte as características deste tipo de axudas.

i) Certificado de empadramento onde conste a convivencia da familia na mesma residencia.

j) No caso de que se lle concedese esta axuda no ano 2006, informe anual onde conste que cumpriu os obxectivos do plan de traballo de intervención educativa na familia.

2. Deberá xuntarse á documentación achegada polos solicitantes informe social dos servizos sociais do concello de residencia da unidade familiar ou do servizo especializado que tramite o expediente por posible situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor, no que conste, polo menos:

-Que a unidade familiar ten aberto un expediente de situación de risco social con 6 meses de anterioridade á data de publicación de esta orde.

-Obxectivos do plan de traballo de intervención educativa na familia.

-Cales son as necesidades básicas que se precisa cubrir coa axuda.

3. O informe valorará e verificará os datos presentados e propondrá as medidas que se vaian tomar, especificando o tipo de seguimento das axudas, tanto para garantir a súa correcta aplicación como para procurarlles aos seus perceptores un apoio periódico que lles posibilite acadar a súa autonomía.

Artigo 6º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. A solicitude e a documentación requirida presentaranse na delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar correspondente ao domicilio do solicitante, ou ben nos concellos que teñan subscrito o convenio oportuno, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Artigo 7º.-Tramitación.

1. As unidades administrativas das delegacións provinciais comprobarán as solicitudes, requirindo ao interesado por escrito a emenda dos defectos que houbese, con indicación de que, se así non o fixer no prazo de 10 días, terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. A presentación da solicitude de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, para a acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente orde para a concesión da axuda.

3. Revisada a documentación e completada, se é o caso, remitirase á comisión provincial de valoración, que terá a función de propoñer a concesión ou denegación das axudas, de acordo cos criterios obxectivos recollidos nesta orde.

4. A composición da comisión provincial de valoración será a seguinte:

-Presidente: o xefe do Servizo de Persoas Maiores, Persoas con Discapacidade e Menores da delegación provincial. Nos casos de ausencia ou enfermidade deste/a será substituído/a por un funcionario do servizo designado/a polo/a delegado/a provincial.

-Vogais: o delegado provincial designará dous funcionarios, dos cales un actuará como secretario da comisión. Así mesmo, participará un representante da Intervención territorial, que actuará con voz pero sen voto.

A comisión provincial de valoración reunirse nun máximo de tres sesións, nas cales decidirá sobre as solicitudes presentadas, tendo en conta o conxunto destas para a súa valoración.

5. Todos os actos de trámite efectuados nos expedientes de gasto regulados por esta orde entenderanse condicionados a que, ao ditarse o acordo de compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos aqueles actos. Para estes efectos, poderase solicitar dos interesados declaración xurada acreditativa.

Artigo 8º.- Criterios de valoración.

Cando o número de solicitudes con dereito a axudas exceda o crédito orzamentario destinado para tal fin, a comisión provincial de valoración determinará o límite superior de ingresos para os candidatos ás axudas, en función do número de solicitudes recibidas, e aplicará os seguintes criterios de valoración:

I. Duración da axuda.

- Non ter recibido a axuda: 6 puntos.
- Tela recibido no último ano: 4 puntos.
- Tela recibido nos últimos dous anos: 2 puntos.

II. Número de fillos.

- Cada fillo maior de tres anos e menor de dezaioito: 3 puntos.
- Cada fillo menor de tres anos: 1 punto.

III. Renda per cápita.

- De 0 a 500 euros: 5 puntos.

-De 500,01 a 1.000 euros: 4 puntos.

-De 1.000,01 a 1.500 euros: 3 puntos.

-De 1.500,01 a 2.000 euros: 2 puntos.

-De 2.000,01 ao límite de renda: 1 punto.

IV. Factores especiais.

-Cada membro da unidade familiar discapacitado cun grao de minusvalidez recoñecido superior ou igual ao 33% ou enfermidade crónica grave: 2 puntos.

-En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

Artigo 9º.-Resolución.

1. A concesión das axudas, unha vez fiscalizadas pola Intervención, corresponderalles, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar aos delegados provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar segundo o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que deberán resolver no prazo máximo de 90 días, contados a partir do día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes.

2. A duración, contía e condicións das axudas serán as que se especifiquen na resolución de concesión.

3. Os delegados, igualmente por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, poderán modificar, suspender ou revogar as axudas concedidas, logo do informe proposta da comisión provincial de valoración, nos casos en que varíen as condicións que motivaron a concesión ou do incumprimento total ou parcial dos requisitos e condicións establecidos para ela.

4. As resolucións de concesión, denegación, modificación, suspensión ou revogación das axudas ditas notificaranse aos interesados e terán que ser motivadas.

5. A resolución esgota a vía administrativa, e contra ela pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva o recurso de reposición.

Artigo 10º.-Pagamento das axudas.

A contía da axuda concedida aboaráselles aos solicitantes en pagamentos por mensualidades vencidas, incluíndose no primeiro pagamento as mensualida-

des vencidas desde o primeiro día do ano ou aquel desde o que teñan dereito á súa percepción e ata a data da resolución de concesión.

Antes do derradeiro pagamento, o solicitante presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

No prazo máximo de 15 días contados desde a finalización do período de percepción da axuda, o solicitante presentará unha declaración xurada na cal xustifique a axuda e que os fondos percibidos foron utilizados para os fins propostos.

Artigo 11º.-Seguimento.

O seguimento das axudas será realizado polos servizos sociais municipais ou polos servizos de menores da delegación correspondente ao domicilio da unidade familiar e consistirá en:

a) Avaliación e control da súa aplicación, exixíndose un mínimo dun informe anual que se presentará antes do remate do ano, sobre a situación das familias beneficiarias e o grao de consecución dos obxectivos marcados.

b) Apoio e orientación ás familias para acadar canto antes a súa plena autonomía.

c) Posta en coñecemento da comisión provincial de valoración das circunstancias que poidan motivar a modificación ou reintegro das axudas concedidas.

Artigo 12º.-Alteración.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 13º.-Reintegro.

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de mora producidos desde o momento do seu pagamento nos casos establecidos no artigo 78.10º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, e no previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase como causa de reintegro o incumprimento dalgún dos compromisos subscritos polo solicitante (anexo III) ou dos requisitos establecidos no artigo 4 desta orde.

Artigo 14º

Os receptores das axudas ou subvencións quedan sometidos ás actuacións de comprobación que acorde

a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Así mesmo, quedan obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 15º.-Tratamento de datos.

A presentación da solicitude implica a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios para os efectos de dar publicidade, nos correspondentes medios e rexistros públicos, á relación de beneficiarios da axuda, as axudas concedidas e as sancións que como consecuencia delas puideren impoñerse, segundo dispón o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento para estes fins.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias nos delegados provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, autorizar e dispoñer os gastos, así como o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 a) do citado Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tercera.-Os beneficiarios destas axudas estarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; o artigo 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Secretaria Xeral do Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR
Secretaría Xeral e do Benestar

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS DE PREVENCIÓN E APOIO A FAMILIAS EN SITUACIÓNS CARENCIAIS GRAVES PARA A PRESERVACIÓN DO MENOR NO SEU MEDIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP401A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME - DONA			DNI		
[]			[]		
DATA DE NACIMENTO	ESTADO	ENDEREZO			
[]	[]	[]			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		
[]	[]	[]	[]		
SISTEMA DE PREVISIÓN: SEGURIDADE SOCIAL		OUTROS SISTEMAS (MUFACE, ISFAS, LISMI, ETC.)			
Nº AFILIADO	[]	[]			

RESTANTES MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO CO SOLICITANTE	DISCAPACITADO (SI/NON)	GRAO DE MINUSVALIDEZ RECOÑECIDO
[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]
[]	[]	[]	[]	[]

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO CONTA BANCARIA			
BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
[]	[]	[]	[]

OBSERVACIÓNS
<input type="checkbox"/> Ter percibido durante o ano ou os dous anos anteriores este tipo de axuda Nº de anos: []
<input type="checkbox"/> Outras
[]

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

_____, de _____ de _____
(Sinatura do solicitante)
Asdo:

Delegado/a provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

ANEXO II

DECLARACIÓN DE INGRESOS

DIXNIXONA	DNI												
<p>DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE (POÑER SÍ OU NON SEGUNDO PROCEDA):</p> <p><input type="checkbox"/> TRABALLA POR CONTA ALLEA (XUNTAR COPIA DA ÚLTIMA NÓMINA)</p> <p><input type="checkbox"/> ESTÁ OBRIGADO A FACER DECLARACIÓN DA RENDA</p> <p><input type="checkbox"/> NON ESTÁ OBRIGADO A PRESENTAR A DECLARACIÓN DO IRPF</p> <p><input type="checkbox"/> FIGURA INSCRITO COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NO INEM (XUNTAR CERTIFICACIÓN POSITIVA OU NEGATIVA SOBRE A PERCEPCIÓN DE PRESTACIÓNS A CARGO DO INEM)</p> <p><input type="checkbox"/> PERCIBE OUTROS INGRESOS: PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA, LISMI, RISGA, INGRESOS POR TRABALLOS ESPORÁDICOS OU EVENTUAIS, EMPREGADOS/AS DO FOGAR, ETC. (EN CASO AFIRMATIVO, DESCRÍBASE A CONTINUACIÓN A SÚA NATUREZA E CONTÍA ANUAL E, DE EXISTIR, ACOMPÁÑESE COPIA DOS XUSTIFICANTES DA SÚA PERCEPCIÓN)</p> <table style="width: 100%; margin-top: 20px;"> <thead> <tr> <th style="text-align: center;">NATUREZA DO INGRESO</th> <th style="text-align: center;">CONTÍA ANUAL</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; text-align: right;">0,00 €</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; text-align: right;">0,00 €</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; text-align: right;">0,00 €</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; text-align: right;">0,00 €</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; text-align: right;">0,00 €</td> </tr> </tbody> </table> <p style="margin-top: 20px;">DECLARO QUE OS DATOS QUE SE FAN CONSTAR NESTE DOCUMENTO SON CERTOS. A FALSIDADE DE TODOS OU DALGÚNS DELES SERÁ CAUSA DE REVOGACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA.</p>		NATUREZA DO INGRESO	CONTÍA ANUAL		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €		0,00 €
NATUREZA DO INGRESO	CONTÍA ANUAL												
	0,00 €												
	0,00 €												
	0,00 €												
	0,00 €												
	0,00 €												

<p>_____ de _____ de _____</p> <p>(Sinatura do declarante)</p> <p>Asdo:</p>

ANEXO III

COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO SOLICITANTE

<small>DON/DONA</small>	<small>DNI</small>
<p>COMPROMÉTESE NO CASO DE CONCESIÓN DA AXUDA A:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Aplicar a axuda económica á finalidade para a que sexa concedida 2.- Contribuir á normalización e integración social do núcleo familiar 3.- Atender correctamente a educación dos menores ao meu cargo 4.- Buscar canto antes solucións para non ter que depender destas axudas 5.- Cumprir cos obxectivos marcados no plan de traballo familiar elaborado polos servizos sociais de atención primaria ou especializada 6.- Comunicarlle nun prazo non superior a 15 días ao órgano competente que tramita a axuda, calquera modificación que afecte a situación sociofamiliar dos beneficiarios <p style="text-align: center;">, de de</p> <hr/> <p>(Sinatura do solicitante)</p> <p>Asdo:</p>	

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 28 de decembro de 2006 pola que se convocan unhas Xornadas Prevendo os desastres ambientais: unha reflexión crítica.

Dentro do Plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para 2006, e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse, unhas Xornadas Prevendo os desastres ambientais: unha reflexión crítica, de acordo coas seguintes bases:

1. Obxectivos.

Nos últimos anos os problemas e as catástrofes ambientais cebáronse en Galicia. Primeiro foi o desastre do Prestige, a continuación os incendios forestais, as verteduras tóxicas aos ríos, os derrubamentos de vertedoiros e máis recentemente os asolagamentos, polo que as situacións de risco encaixan unhas tras outras.

Unha resposta posible é a tradicional española: os desastres son actos naturais e o ser humano non pode senón agochar a cabeza e arranxar os danos. Outra resposta máis moderna deriva da consideración de que os desastres ambientais son previsibles nos seus efectos, aínda que imprevisibles nos seus detalles, e que o ser humano pode tomar precaucións adecuadas para minimizar eses efectos.

Así, a posibilidade de crebadura dos buques tanque fronte as costas galegas resulta manifesta e evi-

dente, e as normas de actuación deberían estar definidas claramente e ensaiadas de maneira continua. O cambio climático, consecuencia da queima global de combustibles fósiles, provoca que os veráns galegos sexan moito máis secos do que era habitual hai cincuenta anos. Cómpre aceptar esta realidade e mudar algunhas especies vexetais ao tempo que se deseñan esquemas eficaces de contralumes e de gardamontes. Os montes queimados deixan de reter a auga das chuvias torrenciais e o cambio climático predí que as choivas en Galicia serán copiosas ao longo do presente século. De xeito que é necesario adoptar políticas de contención de riadas. É preciso prever e analizar as consecuencias das verteduras e emisións tóxicas así como as repercusións do crecente risco de toxicidade nos alimentos. Informar sobre a economía destes problemas, e examinar outras cuestións relacionadas cos desequilibrios ambientais.

Nas actuais xornadas preténdese analizar a responsabilidade humana en relación aos riscos ambientais ampliados pola acción do home, e indicar as accións que deberán emprender as administracións e os particulares para minimizar os efectos destes perigos cuxas probabilidades van en aumento.

2. Contido.

Serán tratados os seguintes temas:

-O cambio climático actual, as súas causas humanas e a súa posible solución.

-O cambio climático como factor dos incendios forestais americanos.